

Trabando a Historia

Un retrato de Reimundo Patiño




XOSÉ FEIXÓ

Nesa non sei se exitosa, pero si acertada liña editorial que A Nosa Terra ten en pequeno formato, síntese teórica e coidada e atractiva ilustración, vén de ver a luz outro coidado exemplar, nesta ocasión dedicado á figura de Reimundo Patiño. Da autoría do seu fillo Antón, e con ilustracións do seu arquivo e máis do da editorial, xorde para dar a coñecer, con brevidade, pero ao mesmo tempo con profunda certeza, a figura deste pintor, que xogou un importante papel na formación da cultura galega durante o século pasado.

Aínda que o libro carece de índice, talvez por querer semellar as súas partes trazos ou pinceladas fortes e ben marcadas onde a seguir se desenvolve a idea orixinal, é evidente a súa existencia, e a súa xustificación como fío argumental, pois cada unha das partes ou pinceladas tratan de darnos a coñecer os feitos e as circunstancias máis importantes da súa vida e do seu devir creativo. Así, xunto ás circunstancias históricas asépticas, amósansenos as pegadas profundas que estas deixaron, como o medo da posguerra ou a represión da disidencia, que lle imprimiron desde os primeiros anos un fondo desacougo emocional. Noutros casos, circunstancias como a enfermidade ósea, que o deixou coxo, e que o tivo encamado durante cinco anos, determinarían que descubrixe o debuxo como medio de expresión. Outros feitos, como a súa amizade na Coruña

(de onde era natural) co escritor Xohán Casal, o seu traslado a traballar en Madrid, o soño utópico do grupo “Brais Pinto” (Ferrín, Barreiro, Crieiro, Graña, Bautista, Ferreiro...). E, noutras epígrafes, en fin, a introdución á súa arte: o expresionismo, os manifestos, as polémicas e as teorías, a súa intensa re-



lación con Luís Seoane, etc., etc. Para, entre todas, ao final, deixarnos un breve pero acertado debuxo introdutorio.

Como di Antón en “O apuntamento final”: “O perfil derradeiro que trazou o poeta Uxío Novoneyra a carón do amigo morto pode ser a mellor despedida (o retrato derradeiro) daquela personalidade única e irrepetíbel. Un breve apuntamento (naquel tristeiro agosto de 1985) a modo de ideograma sêrvelle para trazar unha sifonomía sintética, un xesto condensado que vai definir o noso home: Ficou con aquil seu fero / as mandíbulas fincadas como / trabando a HISTORIA”. Ese é o seu desexo, e así desexamos transmitirlo nós.

PATÍÑO, Antón,
Reimundo Patiño, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 2005,
62 páxinas